

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO 3/2020, DO 14 DE MAIO DE 2020, SOBRE DESPRAZAMENTOS E ACCESOS AOS CENTROS TRAS O PERÍODO DE PECHE DE CENTROS DEBIDO Á COVID-19

Á vista de que a Resolución Reitoral de 13 de maio de 2020, pola que se aproba o protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte á Covid-19, establece diversas fases para o retorno paulatino á actividade presencial, con as correspondentes datas asociadas.

Á vista de que o artigo 7 da Orde SND/399/2020 do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade regula as condicións de circulación, establecendo a libre circulación pola provincia, illa ou unidade territorial, e as excepcións que xustifican o desprazamento a outra parte do territorio nacional, incluíndo entre elas os motivos laborais.

Á vista de que segundo establece o art. 15 do Real Decreto-ley 15/2020, do 21 de abril, continúa a ser preferente o teletraballo.

Esta Vicerreitoría dita as seguintes instrucións,

Primeiro. Durante o período que comprende as diferentes fases da Resolución Reitoral de 13 de maio, que comprende desde o 11 de maio ata o 30 de xuño, non existe obriga de acudir aos centros para o PDI, considerándose preferente a continuación da súa actividade na modalidade de teletraballo.

Segundo. No caso de que o PDI teña que acceder puntualmente aos centros para realizar algunha actividade docente, necesitará solicitar permiso para elo a esta vicerreitoría a través do decanato ou dirección do centro, e utilizando o formulario establecido para elo, no período da Fase Preparatoria (do 11 ao 17 de maio), non sendo necesario dito permiso de acceso nas fases posteriores (a partir do 18 de maio) xa que a Resolución Reitoral de 13 de maio decreta a apertura dos centros nestas fases.

Terceiro. No caso de que o PDI resida nunha provincia diferente daquela na que se atope o seu centro, deberá solicitar un documento que acredite a necesidade de realizar o desprazamento por motivos laborais relacionados coa docencia a esta vicerreitoría a través do decanato ou dirección do centro, e utilizando o formulario anexo a esta instrución, mentres estea en vigor a Orde SND/399/2020 do 9 de maio.

Cuarto. O PDI que acuda aos centros deberá coñecer e cumprir as medidas de seguridade establecidas no momento que realice o acceso ao centro, baixo a súa responsabilidade.

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado
(asinado dixitalmente)

